BEN CURIOSA

LABORATORIOS ITINERANTES DE CREACIÓN DIXITAL

BEN CURIOSA

LABORATORIOS ITINERANTES DE CULTURA DIXITAL

Os **laboratorios itinerantes de cultura dixital** son un proxecto apoiado pola **Deputación da Coruña** consistente na posta en marcha de **espazos de creación de contidos dixitais en lingua galega.**

Neles buscamos **conectar** profesionais especializadas en novas narrativas dixitais **con entidades culturais, veciñais e sociais da provincia da Coruña**.

O obxectivo é facilitar, dunha maneira sinxela e colaborativa, a **creación de contidos divulgativos e de sensibilización na Rede, vinculados aos territorios nos que se desenvolve cada obradoiro.**

EN MUROS: CONSTRUÍMOS UN RELATO

Muros acollerá, ao longo do mes de marzo, un **obradoiro en liña dirixido a persoas vinculadas ao seu tecido sociocultural, con interese na divulgación e creación de contidos participativos na contorna dixital.**

Esta actividade, promovida pola entidade cultural BenCuriosa coa colaboración da área de Cultura do Concello de Muros, é **gratuíta grazas ao financiamento da Deputación da Coruña.**

O **obxectivo deste obradoiro,** impartido por BenCuriosa, é que as participantes **experimenten coa difusión dixital de contidos relacionados co seu territorio e veciñanza**, empregando diversas ferramentas, aproveitando a interconexión entre elas e potenciando a participación da comunidade.

PERFIL DAS PERSOAS DESTINATARIAS

Este obradoiro é un **espazo colaborativo**, no que traballar xuntas con **contidos relacionados co territorio e a comunidade a través de diversas canles e ferramentas dixitais, xerando dinámicas de divulgación ou comunicación que impliquen a participación da cidadanía.**

Está aberto a un perfil xeral, pero pode resultar especialmente indicado para persoas interesadas na memoria colectiva, o patrimonio material, inmaterial ou natural. **Non son precisos coñecementos previos**, máis alá das competencias básicas para poder conectarse ás sesións en liña e acceder aos contidos.

METODOLOXÍA

- **Aprendizaxe sinxela**, baseado en **pílulas de contido teórico apoiadas en exercicios prácticos**
- **Aprendizaxe colaborativa**, co desenvolvemento dun **pequeno proxecto grupal**
- **En liña**, a través de contidos dixitais e xuntanzas colectivas, **titorización e apoio** dos docentes

O obradoiro Construímos un Relato desenvolverase no mes de marzo, con **tres sesións en liña** a través da plataforma Zoom:

- Sesión inicial: 2 de marzo (18:30)
- Segunda sesión: 9 de marzo (18:30)
- Sesión de peche: 23 de marzo (18:30)

A duración das sesións será de 1h30'

As participantes terán acceso aos contidos en liña e participarán nunha **dinámica tirorizada de exercicios e desenvolvemento dun proxecto común.**

Non será preciso instalar aplicacións ou programas de pago, pero si ter acceso a Internet
e a un equipo informático que permita acceder aos contidos e participar activamente das sesións en liña e as titorías.

BEN CURIOSA

O obradoiro CONSTRUÍMOS UN RELATO ten capacidade para **20 persoas**.

As prazas adxudicaranse seguindo un criterio exclusivamente cronolóxico.

A inscrición está aberta ata o 12 de febreiro.

As persoas interesadas simplemente deben cubrir este sinxelo formulario:

https://forms.gle/LDGLimLBSiGqdnXU6

BEN CURIOSA

ADEMAIS

As persoas que o desexen poderán inscribirse nestoutro obradoiro, gratuíto e aberto a todos os concellos que participan nos Laboratorios Itinerantes de Creación Dixital:

O obxectivo deste laboratorio, facilitado pola produtora creativa Illa Bufarda, é que as participantes acaden os coñecementos e destrezas necesarios para **desenvolver unha campaña (de comunicación, divulgación, concienciación,...) en base aos criterios da contrapublicidade**.

E **que ese proceso se reflicta nunha acción concreta que as participantes poidan compartir a través das súas propias canles.**

PERFIL DAS PERSOAS DESTINATARIAS

Este obradoiro está dirixido especialmente **a persoas e entidades cun perfil crítico e activista e, en xeral, a calquera entidade adicada á sensibilización ou defensa de colectivos, espazos e contextos vulnerables.**

Non é imprescindible ter coñecementos previos, pero **recoméndase experiencia básica (nivel usuaria) en redes sociais e no emprego de aplicacións ou programas sinxelos de edición de imaxe.**

METODOLOXÍA

- **Aprendizaxe sinxela**, baseado en **pílulas audiovisuais apoiadas en exercicios prácticos**
- **Aprendizaxe colaborativa**, co desenvolvemento dun **proxecto colectivo**
- **En liña**, a través de contidos dixitais e xuntanzas colectivas, **titorización e apoio** dos docentes

BEN CURIOSA

Este obradoiro desenvolverase no mes de marzo con **dúas sesións en liña** a través da plataforma Zoom:

- Sesión inicial: 4 de marzo (18:30)
- Sesión de peche: 25 de marzo (18:30)

A duración das sesións será de 45'.

Entrambas sesións ofreceranse contidos estruturados en seis temas, desenvolvidos a partir de **vídeos breves con actividades complementarias adxuntas,** pensados para unha aprendizaxe áxil e sinxela.

O proceso de aprendizaxe e de desenvolvemento dunha campaña por grupos estará acompañado e titorizado polo equipo docente.

Non será preciso instalar aplicacións ou programas de pago, pero si ter acceso a Internet
e a un equipo informático que permita acceder aos contidos e participar activamente das sesións en liña e as titorías.

BEN CURIOSA

O obradoiro de GUERRILLA CONTRAPUBLICITARIA ten capacidade para **20 persoas**.

As prazas adxudicaranse seguindo un criterio exclusivamente cronolóxico.

A inscrición está aberta ata o 12 de febreiro, cubrindo este sinxelo formulario:

https://forms.gle/ogxpqEF5W6frNGXj7



SOMOS un equipo de profesionais ao servizo do coñecemento e da creatividade en común.

Dende BenCuriosa queremos contribuír á renovación do ecosistema cultural, impulsando procesos de **xeración e intercambio de coñecemento** e deseñando solucións novidosas para estimular o **desenvolvemento creativo de organizacións, comunidades e territorios**.

Coñécenos mellor en:
bencuriosa.gal/es/quen-somos

FACEMOS FORMACIÓN, XESTIÓN CULTURAL, CULTURA DIXITAL

En BenCuriosa contamos cunha liña especializada na difusión da **cultura dixital**, entendida como todas as **novas prácticas sociais, culturais e creativas** relacionadas coas TIC.

Interésannos especialmente os proxectos nos que a dimensión dixital facilita a **transmisión de conoñecementos e valores**, así como todas aquelas iniciativas que nos permitan reflexionar e desenvolver un **uso crítico e en positivo da tecnoloxía**.

- Creamos **espazos de encontro** que permiten conectar a persoas interesadas na cultura dixital, o uso creativo da tecnoloxía e os proxectos innovadores.
- Deseñamos **accións formativas, encontros e laboratorios** sobre cultura dixital, tanto presenciais, semi-presenciais como 100% en liña.
- Desenvolvemos iniciativas para acompañar a servizos públicos e entidades privadas ante os retos da **transformación dixital,** a nova **cidadanía dixital** e contra as **fendas tecnolóxicas**.
- Ofrecemos servizos de **consultoría, mediación e comunicación dixital**, que permiten a todo tipo de entidades incorporar ou mellorar a dimensión dixital non seus proxectos culturais, sociais, patrimoniais ou educativos.

PROXECTOS CURIOSOS,
FEITOS CON MIMO,
AO SERVIZO DA COMUNIDADE

Contacto: Ruth Sousa (ruth@bencuriosa.gal | 654560190)

Queda prohibida a reprodución total ou parcial do contido deste documento, así como súa difusión fóra do ámbito de avaliación da entidade destinataria sen a autorización previa dos autores do proxecto.

(C) 2021 BenCuriosa

bencuriosa.gal
ola@bencuriosa.gal
@BenCuriosa